



## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CLAUSTRO DO 4 DE DECEMBRO DE 2013**

Ás 9.40 h, en segunda convocatoria, no Paraninfo da Maestranza, comeza a sesión ordinaria do Claustro Universitario que preside o Reitor Magnífico D. Xosé Luís Armesto Barbeito, de acordo coa orde do día que figura no **anexo I** e coas persoas asistentes que se relacionan no **anexo II**, xustificando a súa ausencia os Sres. Macías López Iglesias, Antonio Izquierdo Escribano, José Daniel Pena Agras, Carlos Vázquez Cendón, Paula Fernández Gago, Ana Belén Porto Pazos, María Carreiro Otero, Jorge Crego Blanco, José Anta Rodríguez, Julián Dorado de la Calle, Nuria Varela Feal, Daniel Rodríguez Arás, Ana de Jesús, Alberto Ramil Rego, Víctor Diges Teijeira, Víctor Carneiro e Angel D. Rodríguez Arós

### **1. Aprobación da acta da sesión ordinaria do día 30 de abril do 2013.**

Tras a comprobación do quorum legal para a celebración da sesión, o Reitor abre a mesma, e somete a acta da sesión ordinaria do día 30 de abril do 2013 á aprobación do Claustro.

Apróbase por asentimento

### **2. Aprobación, se proceder, do Plano Estratéxico 2013-2020**

A seguir, o reitor dálle a palabra á vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas para que expoña o punto segundo.

A profesora Amalia Blanco fai unha breve exposición do significado, natureza e contextualización do plano estratéxico 2013-2020.

A seguir, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado considera que a exposición da vicerreitora foi tan vaga como o propio Plano. Non se fai referencia, como xa denunciou no Claustro anterior, aos resultados do anterior Plano, para comprobar as progresións ou as regresións na consecución de obxectivos. Como se van cuantificar os esforzos que se piden aos distintos membros da comunidade universitaria?



O documento é unha proclama de intencións? Maniféstase crítico co mesmo.

Luis Castedo agradece o traballo que fixeron as comisións de traballo. Porén, preocúpalle o enfoque que se lle vai dar ao desenvolvemento do plano estratéxico. Cita o problema que se está a dar no naval de Ferrol, que Navantia responde á situación de falta de traballo precisamente cun plano estratéxico. Valora positivamente o traballo das comisións. Bota en falta, con todo, un maior esforzo de transversalidade, e un esforzo de contextualización maior. O problema do financiamento segue a ser grande. A UDC dedica o 90% do seu gasto a gasto corrente, o cal non deixa moita marxe de manobra para os investimentos; outro problema de contexto é a crise demográfica de Galicia: cada vez hai menos estudantes. Dificultades burocráticas para a contratación de investigadores que executen os proxectos. Considera tamén que o plano estratéxico debe mostrarse fóra da Academia, que debe saír fora do ámbito estritamente universitario, para mellorar o noso posicionamento no conxunto da sociedade.

José Manuel Busto súmase á valoración positiva do profesor Castedo sobre a alta participación acadada na elaboración do Plano. Valora positivamente o contido do Plano, que vai alén da mera declaración de intencións. Proxecta o futuro desde o realismo sobre a nosa situación, pero con ambición temporal, até o ano 2020. Encanto Decano da Facultade de Dereito, valora tamén positivamente que o Plano conleve aos centros a redacción dun plano de centro, que concrete na realidade, nos problemas de cada centro o cumprimento das liñas estratéxicas que marca o PE 2013-2020, por exemplo en materias como emprendemento, responsabilidade social, mellora da eficiencia, racionalización do gasto, etc. Pregúntalle á vicerreitora, neste sentido, cales serían os prazos para que os centros podan redirixir os seus planos operativos concretos, de xeito coherente coas liñas estratéxicas que espera se aproben hoxe.

O profesor Xosé Lois Martínez sorpréndese que ao longo deste documento se asuma unha actitude á marxe da realidade económica e demográfica que imos experimentar de cara ao 2020, especialmente na área urbana na que se asenta a UDC. Somos virtuais, do punto de vista da elaboración do Plano. A UDC ocupa a trixésima parte do concello da Coruña. Esta realidade territorial foi recoñecida pola anterior equipa de goberno coa creación dunha vicerreitoría específica. A UDC inflúe, por exemplo, nos prezos da vivenda en aluguer, pois 8.000 estudantes son demandantes de vivenda



temporal na cidade. A UDC liderou, no seo da CRUE, un grupo de traballo sobre urbanismo e universidade. Bota de menos referencias ao Plano Director de Infraestruturas da UDC, que é un documento moi importante. Considera que a ausencia de vicerreitoría de infraestruturas é unha consecuencia do “síndrome de Compostela”, pois o modelo é similar. Pregúntalle á vicerreitora se pensa que a UDC pode sobrevivir sen residencia universitaria. Pensa, como Felipa Jove, que a residencia universitaria non é necesaria?

Ana Iglesias Galdo reconece que a súa motivación para a lectura do documento era baixo. Porén, reconece tamén que o traballo e o debate nas comisións foi intenso, polo que o consenso acadado é valioso. Céntrase no apartado de docencia e aprendizaxe do Plano. O proceso de Boloña enfatiza a quen aprende, mesmo por diante de quen ensina. Este cambio de paradigma pedagóxico, mesmo de cultura profesional, é moi valioso, e aínda está por avaliarse e desenvolverse en todas as súas consecuencias. É preciso continuar o debate, alentando non só os consensos, senón tamén o diálogo sobre as disensións. Demanda que se poda introducir unha reflexión cualitativa sobre o modelo educativo. Hai que reflexionar se as microactividades e a cuantificación das actividades docentes poden levar a baixar a calidade do ensino. Cumpre avaliar en fitos intermedios todas estas cousas.

Alejandro Pazos felicita á vicerreitora pola elaboración do plano. Porén, as intencións non son suficientes. O consenso non pode facerse en días. É un plano afastado da realidade da UDC, dos seus problemas: demografía, financiamento. É preciso que a UDC reconeza os seus propios títulos, que se elimine a burocracia na xestión da investigación, etc.

O profesor Carlos Platas tamén parabeniza á vicerreitora, pois o procedemento foi suficientemente participativo. Aínda que haxa aspectos mellorables, o documento goza do respaldo de boa parte da comunidade universitaria. En relación coa investigación, os obxectivos ou indicadores son bastante concretos. Pregunta se vai haber accións concretas para acadar eses obxectivos, nun contexto de financiamento insuficiente.

Rematada a quenda de intervencións, retoma a palabra a vicerreitora de Planificación Económica e Infraestruturas, quen agradece as anteriores apreciacións, suxestións e comentarios. Subliña que nas memorias anuais do reitor, se cuantifican os indicadores, e en que medida afectan aos planos



operativos anuais. Por tanto, hai un traballo anual de seguimento dos indicadores. Comenta a seguir o xeito de avaliación intermedia da execución do plan, mediante o estudo dos valores dos indicadores. Os tempos de xestión foron suficientes. Considera que as bases do plano son realistas. Non se fala da residencia universitaria, aínda que reconece que segue a ser unha necesidade básica, e seguirá a tratarse de acadar financiamento externo para a súa construción. Cos fondos actuais do plano de financiamento, non se pode facer a residencia. Porén, seguirá defendéndose a construción da residencia, e mentres tanto o equipo de goberno continuará buscando alternativas, como a da residencia de Ferrol. A comunicación institucional é mellorable, e nese sentido vaise facer proximamente un plan de comunicación institucional. Os plans de mellora da calidade dos centros serán quen deban adoptar as medidas concretas que auspicia o plano. Valora positivamente as suxestións da decana de ciencias da educación. Non comparte, en cambio, a valoración negativa que fai o profesor Alejandro Pazos sobre a presunta burocracia na xestión ou sobre a política de investigación. Esa valoración contradí a mellora que experimentan os indicadores que utiliza a Xunta de Galicia. Por último, en breve sairán accións concretas para instrumentar o apoio á captación de recursos, mediante políticas orzamentarias.

Tras unha breve quenda de intervencións para aclaración de posturas, na que participan os profesores Jordi Delgado, Xosé Lois Martínez, Alejandro Pazos e o propio reitor, dous profesores solicitan a votación do punto. Jordi Delgado pide que conste en acta a súa abstención.

Tras a votación, o plano, que figura como **anexo III**, é aprobado co seguinte resultado:

Votos a favor: 91

Votos en contra: 8

Abstención: 44

### **3. Aprobación das liñas xerais de programación plurianual e orzamentaria para os anos 2014-2015**

A vicerreitora comeza a súa exposición sobre a natureza deste documento, así como sobre a súa estrutura: contexto orzamentario, co remate do plano 2011-2015 do Plano de Financiamento do SUG; estimación de ingresos e gastos durante o bienio; investimentos; e persoal.



Tras a súa intervención, o reitor abre unha quenda de intervencións.

Jordi Delgado solicita aclaración sobre un parágrafo da páxina 11, sobre o cálculo das tarefas do profesorado.

O profesor Luis Castedo comeza reflexionando sobre a metáfora da vicerreitora: que este documento é o primeiro fillo do PE 2013-2010. Considera que o nivel do documento é baixísimo, que non chega nin a traballo de estudante. Di que non hai datos cuantitativos claros, só hai gráficas. As figuras non están numeradas. Solicita aclaración sobre se as bolsas van subir ou van baixar, e sobre como se vai xestionar a política de persoal cando se eleve a taxa de reposición. Considera que o documento é impresentable.

O profesor Alejandro Pazos queda moi preocupado polas anteriores intervencións, coas que está de acordo. Di que o fillo do pai virtual saíu con malformacións. Considera que o PDI está a ser maltratado. Que se aumentan as trabas burocráticas innecesariamente.

O profesor Jose Pernas formula unha cuestión sobre a redución dos gastos descentralizados de bibliotecas. Existen parámetros ou criterios sobre esa redución? Tamén comenta a necesidade de continuar coa liña de traballo sobre a compra pública socialmente responsable, e sobre o tema da integración de criterios ambientais e de eficiencia enerxética na contratación centralizadas de subministracións.

Xosé Portela salienta que a Xunta non cumpre o plano de financiamento 2011-2015, que se recortan os cadros de persoal coa taxa de reposición 0, e que se recortan os salarios. Isto vai provocar un abandono dos matriculados. Hai que actuar contra a causa de todo isto. A situación empeorou desde a declaración de maio do 2013 deste Claustro. O ataque aos servizos públicos é virulento, mentres que a nosa resposta é moi feble. Hai que pasar das declaracións ás accións. É preciso unha maior mobilización dos sectores universitarios, na que se implique o propio equipo de goberno.

María Luisa Sánchez Simón lamenta que o obxectivo sexa o mantemento dos cadros actuais de persoal. Pon en valor a prórroga do II convenio colectivo de PDI laboral, aínda que non se estea cumprindo en materia



retributiva e de carreira. Solicita que se reúna a comisión paritaria do convenio de PDI laboral para poder cubrir as necesidades docentes con persoal interino, de xeito coherente nas tres universidades. Alégrase que no documento se mencione a necesidade de computar o conxunto de actividades do PDI, cuestión que xa se mencionou nas roldas negociadoras do Estatuto do PDI a nivel estatal. Pregunta tamén o estado da cuestión sobre as sentenzas favorables no conflito colectivo sobre a paga extra do 2012 de PDI e PAS.

Anxo Calvo explica a metodoloxía implantada desde hai anos na aprobación dos planos plurianuais, bianuais, ben como a aprobación dos orzamentos anuais ou a rendición de contas, que é competencia do Consello de Goberno e do Consello Social. Moitos dos comentarios son máis propios dun debate sobre un POA ou un documento de orzamentos, e non da programación plurianual, que é o que se somete á consideración do Claustro. Entrando xa no contido do documento, considera que é a primeira consecuencia do Plano Estratéxico, que non é un documento vago, etéreo, senón que se reflectirá en múltiples dimensións. Formula cuestión da evolución dos indicadores, de cara a unha nova negociación do Plan de Financiamento do SUG no 2015: ese é o traballo que hai que endereitar, mediante a planificación, a nosa política, a nosa liña propia. Solicita confirmación sobre se a Xunta de Galicia xa acepta a utilización dos remanentes non afectados para o financiamento do exercicio corrente, grazas ao esforzo da vicerreitora.

O profesor Iván López agradece a intervención da vicerreitora. Pregunta sobre os investimentos, que son os capítulos máis afectados polos recortes. Considera que é correcto enfocar os investimentos a rematar as obras. Pide unha valoración sobre o equilibrio orzamentario neste capítulo de investimentos.

Xosé Lois Martínez ratifícase na súa opinión de que somos unha universidade virtual, para o equipo de goberno. Somos unha universidade en construción, apenas rematada, na que os tempos deben ser diferentes aos das universidades rematadas. Non aparece nada novo no ámbito dos gastos que poda financiar a programación expansiva dunha universidade en construción. Comenta que non se explicou no claustro a imputación dun delito penal á súa persoa por parte da fiscalía e o concello da Coruña. Solicita que se explique, que se debata e clarifique. Distingue entre plan e programa. Considera que é agora cando hai que marcarse unha política



urbanística, de aloxamento, porque os tempos son moi longos. Pregunta se se fixeron actuacións legais contra a supresión do financiamento da ARI da residencia universitaria por parte da Xunta. Pregunta, por último, se neste programa se mantén algún financiamento para atender as necesidades de aloxamento dos estudantes.

Tras a anterior quenda de intervencións, o reitor pásalle a palabra á vicerreitora para contestación das anteriores intervencións. O profesor Anxo Calvo solicita replicar por alusións ao profesor Xosé Lois Martínez. O reitor autoriza a réplica, que versa sobre o concepto de “programación”.

A vicerreitora comenta na súa resposta as distintas cuestións sinaladas polos intervinentes. Aclara o gasto en capítulo I, a reestruturación das bolsas nos departamentos, o fondo social para estudantes en situación económica especial, as cantidades destinadas ao remate dos edificios do Campus de Elviña, ratios de financiamento, ratio de profesor por alumno, os prazos de xustificación de axudas outorgadas moi tardiamente polas entidades públicas financiadoras, reestruturación do gasto en biblioteca, usos de remanentes para investimentos.

O profesor Alejandro Pazos solicita intervir por alusións. Engade que os atrancos á investigación son producidos pola propia Universidade.

Xosé Lois Martínez tamén solicita réplica por alusións. Engade que os estudantes de fóra non veñen porque non hai residencia universitaria a prezos asequibles.

Tras as anteriores intervencións, e sometida a cuestión á votación do claustro, apróbase a programación plurianual, que figura como **anexo IV**, por 77 votos a favor, 20 en contra e 29 abstencións.

#### **4. Informe de xestión do Valedor Universitario correspondente ao ano 2013.**

O reitor cédelle a palabra ao valedor universitario, profesor Enrique Martínez Ansemil, para que expoña os principais puntos do seu informe de xestión do ano 2013, que figura como **anexo V**.



O valedor expón as distintas magnitudes estatísticas do seu informe sobre as reclamacións e queixas, en función de sexo, centros, temáticas, mes de presentación, tempos de resolución, etc.

Tamén se centra nas súas prioridades, á vista das tipoloxías das reclamacións e queixas: suspensos indebidos, perda de bolsas, incremento de taxas, conciliación de estudos coa vida laboral. É fundamental evitar que por suspensos incorrectos os estudantes podan resultar expulsados dos estudos. Para evitar isto, di o Valedor, é moi importante deseñar e executar correctamente as guías docentes. O valedor remata a súa intervención agradecéndolle a Rosa, a súa secretaria, o seu esforzo, e tamén a toda a comunidade universitaria pola súa colaboración á hora de afrontar a resolución dos conflitos.

Alejandro Pazos queda moi preocupado polos comentarios do valedor sobre os suspensos indebidos. É un asunto delicado, porque se relaciona coa liberdade de cátedra, e coa calidade da formación impartida.

José Ramón Mendez Salgueiro comenta o tema do dereito de asistir a aulas. Considera que tampouco se pode aceptar todo tipo de escusa para asistir ás aulas. Considera que a asistencia a clase é un deber.

Andrea González pregunta sobre o estado de tramitación dunha queixa sobre a alumna Marta Elena Ramos.

Sonia Rodríguez, sobre a obriga do estudante de asistir ás aulas, considera que o estudante pode acollerse ao dereito de matrícula a tempo parcial, o cal permite compatibilizar estudos coa vida laboral do estudante. Considera que hai centros nos que hai que tomar cartas no asunto dos suspensos, porque poden ser masivos.

Tras estas intervencións, o valedor contesta conxuntamente. Alégrase que se suscitara esta polémica. Considera que os suspensos inopinados ou non motivados non están amparados pola liberdade de cátedra. Tamén considera que por lei, se recoñeceu o dereito a conciliar os estudos coa vida laboral ou familiar. Hai unha regulación, e hai que aplicala. Sobre o expediente concreto sobre o que se lle pregunta, descúlpase que non se lembre de memoria coa suficiente precisión, mais ofrécese a comunicar á maior brevidade posible a información oportuna.





## 5. Quenda aberta de intervencións

José Ramón Mendez Salgueiro comenta que o día 30 de abril do 2013 se produciu o expolio dos expedientes dos estudantes do seu centro, con base nunha reforma da RPT, sen inventarios de saída e recepción. Considera que o comportamento da vixerente, amparado polo secretario xeral, interrompe a liña de custodia dos documentos. Comenta tamén o tema das súas sentenzas en materia disciplinaria. Considera que, a pesar de terlle sido favorables, as sentenzas non se aplican. Relata os expedientes disciplinarios abertos na súa contra, que considera unha persecución.

Alberto Valderruten pregunta sobre as relacións institucionais da UDC co concello da Coruña. Mostra a súa sorpresa polo cobramento do IBI, e polo rexeitamento da titularidade municipal e o mantemento dos viais dos Campus polo Concello. Agora parece que a situación se está a reconducir, afortunadamente. Agradece o esforzo do diálogo entre ambas institucións, porque o considera necesario. A segunda pregunta era sobre as datas de apertura do edificio da área científica, pero considera que xa foi contestada pola vicerreitora nas súas anteriores intervencións.

María Luisa Sánchez Simón reitera a súa pregunta sobre as sentenzas recaídas en materia de paga da parte proporcional da paga extra do ano 2012. Insiste tamén na necesidade dunha correcta regulación, negociada, da adicación do PDI.

Santiago Roura, por alusións na intervención do profesor Méndez Salgueiro, intervén para explicar a súa participación como instrutor na tramitación do primeiro expediente disciplinario aberto contra o profesor Méndez Salgueiro, aínda que considere que non é tema de claustro falar das cuestións ou problemas particulares de cada profesor. Lémbrale ao profesor Salgueiro que o primeiro expediente caducou porque preferiu arriscar no respecto aos dereitos de defensa do inculpado, a pesar das tácticas do inculpado de pretender “afogar en papel” ao instrutor. Descoñece que se reabriu un segundo expediente disciplinario, pero lémbrale ao profesor Méndez Salgueiro que neste asunto hai máis persoas afectadas, cuxa identidade non revela, que tamén deberon sufrir bastante.

Ana Iglesias agradece que se fale de política no claustro.



José Carlos Santos Paz refírese á acreditación dos títulos universitarios, que está próxima a realizarse. Cal é a nosa situación? En segundo lugar, interésase polo pagamento das pagas extras que se recoñeceron polo TSXG.

Xosé Lois Martínez comeza manifestando a súa admiración pola profesora Ana Iglesias, e lamenta que outros membros do equipo de goberno non puxeran por diante a ética da política. Estima que non se defendeu a súa honra cando debería terse feito polo propio ben da institución. Agradece que a vicerreitora o tivera recibido no mes de agosto. Agradece que o recibira o secretario xeral. Agradece tamén o apoio incondicional dos outros arquitectos que estaban imputados nas dilixencias previas, así como a Xan Casabella, Xosé Manuel Vázquez Mosquera e Enrique Seoane. Expón a continuación a súa versión das dilixencias previas, que considera montadas sobre unha denuncia falsa. Os técnicos que dixeran que eran obras ilegais e ilegalizables botáronse atrás cando tiveron que declarar diante da xuíza. Considera que a opinión de Alejandro Pazos sobre a demolición dos edificios presuntamente ilegais é decepcionante. O profesor Martínez lamenta que a institución non o apoiara suficientemente nesta campaña que se levou a cabo contra a institución, non contra el, para disimular o “roubo” dos 24 millóns de euros que se tiñan que destinar á residencia universitaria, e o goberno municipal de Carlos Negreira ordenou paralizar 24 horas despois de tomar posesión. Pregunta se a Universidade vai defender a honra daqueles que defenderon á institución.

Andrea González pregunta sobre as bolsas de axuda ao transporte. Non se inclúe o campus de Esteiro. Por que?

María Gutiérrez, en representación do PAS, fai unha reflexión sobre o resultado da votación do plano estratéxico. Está moi sorprendida pola cantidade de abstencións, sobre todo porque o profesor Castedo estaba no grupo de traballo, e nada dixo sobre o plano estratéxico.

Felipe Fernández intervén sobre as sentenzas recaídas sobre as pagas extras do ano 2012. Solicita que se implique á Xunta de Galicia no financiamento da súa devolución. Sobre o concurso de PAS funcionario, considera que a proposta inicial de xerencia debería recuperarse, e retomar o diálogo. En terceiro lugar, sinala que a realidade no ámbito da normalización lingüística é de retroceso, a pesar do que di o plano estratéxico. Pide ao equipo de goberno que revise o que está acontecendo. Na web, parte da oferta de títulos



só está en castelán. O comportamento en público dos membros do equipo de goberno tamén debe ser estritamente en galego.

Severino Salgueiro interésase pola convocatoria fin de carreira nas materias en extinción. Neste tema, os comités denuncian a redución dos dereitos dos estudantes, e solicitan os mesmos dereitos que outros. Pide que se informe ao claustro sobre os datos en relación ao abandono de matrícula e devolución de bolsas do Ministerio.

Miguel Valeiro, a propósito do grupo de traballo de mobilidade que hai co Concello, reitera a necesidade de mellorar a conexión da cidade cos campus a través do bus urbano, e reclama a implantación dun bonobus xeral universitario. Sobre a residencia pública, considera que cartos debería haber, porque os houbo para o túnel da Mariña, e a nosa residencia é unha infraestrutura irrenunciábel para a UDC.

Alba Castanedo solicita que se poña un bus até as 2:00 da mañán para que a xente que vai á aula de estudo do Xoana Capdevielle poda volver á casa. En materia de lingua, solicita que se lembre ao profesorado o dereito a facer os exames en galego. Pide tamén que os títulos académicos se expidan de xeito bilingüe, para evitar que se paguen dúas veces.

Miguel Picado opina que o claustro é unha farsa, que a xente marcha, porque parece servir só para que algunhas persoas se desafoguen. Considera que é unha vergoña que a xente marche cando fala o valedor universitario, que é unha intervención moi importante. Remata a súa intervención denunciando que non existe unha verdadeira participación democrática no goberno da universidade. El non tivo ocasión de achegar a súa opinión aos borradores do Plano Estratéxico.

O estudante Ernesto Vázquez-Rey Farto anuncia que vai levar ao Consello de Goberno unha proposta para que se negocie co concello da Coruña un bonobus universitario, e non apenas unha subvención ao bonobus xeral dos estudantes. Sobre a última intervención, comenta que a vicerreitora envioulle aos representantes dos estudantes o plano estratéxico. Por último, di que o parlamento de Galicia aprobou a Lei 6/2013, en cuxo artigo 58 aparece unha nova composición do Consello Galego de Universidades, na que non hai representación dos estudantes. Considera que, pola gravidade desta exclusión, o consello de goberno debe propor unha reforma da Lei neste punto.



O profesor Ramón Freixeiro intervén na liña de intervención da Universidade na sociedade, para solicitar o apoio da universidade para que o patrimonio artístico das caixas galegas conserve a titularidade pública, malia o proceso de privatización do sector das caixas no noso país.

A representante do PAS, Nuria Vieira intervén sobre o pagamento da parte proporcional devengada da paga extra de decembro do 2012. Tras as sentenzas do TSXG, considera que non se debe ir en casación, e que a universidade debe adiantar o diñeiro, e reclamarllo á Xunta de Galicia. Denuncia que coa modificación da RPT se incumpriron os compromisos de formación do persoal, e de ordenación dos procedementos administrativos.

O reitor contesta as anteriores intervencións conxuntamente. A implantación das UXAI foi negociada, consensuada e aprobada polos órganos competentes da Universidade. Esta reorganización de efectivos está a ser moi positiva, e non hai problemas en ningún centro coa custodia da documentación. As relacións co Concello están coidándose para acadar acordos necesarios no ámbito urbanístico, no ámbito dos viais, no ámbito das instalacións deportivas, a accesibilidade e mobilidade aos campus mediante transporte público e outras formas de movimentación. Respecto do pagamento da parte devengada da paga extra de decembro do 2012, a nosa postura é sempre implicar á Xunta de Galicia no seu abono, porque entende que, na actual situación, non é procedente adiantar un diñeiro do que non se dispón. En materia de acreditacións, estamos xa traballando en experiencias piloto con algúns centros, con resultados moi positivos. A nosa oferta de titulacións está tamén axustándose para cumprir coas normas reguladoras da Xunta de Galicia. Pon de relevo o esforzo que fai a Universidade en manter as contías do orzamento destinado a bolsas dos estudantes, entre as cales están as de transporte, e as axudas destinadas a estudantes en situación económica de emerxencia. A funcionarización do PAS está avanzando conforme aos acordos acadados. Foron prorrogados os convenios colectivos do persoal laboral, tanto de PAS como PDI. Os exames de planos antigos en materias en extinción foron obxecto dalgunhas reformas recentes que aprobou o Consello de Goberno. Expón as actuacións que levaron a cabo as universidades para que a devolución das bolsas que realiza o Ministerio se fixese correctamente. Subliña a importancia dos claustros como ferramenta de participación democrática no goberno da Universidade. Considera que as correntes da “gobernanza” son unha clara ameaza para este modelo de participación corresponsable, polo que cumpre defendelo activamente. A universidade está na liña do



convencemento, da insistencia perante os responsábeis políticos, para que se dean conta das necesidades específicas do noso sistema institucional.

Desde o claustro, o profesor Xosé Lois Martínez pregunta que pensa facer a universidade fronte aos responsábeis da campaña política dirixida con motivo da falta de licenzas dos edificios dos campus.

O reitor lémbrale ao profesor a satisfacción da Universidade pola súa absolución, o que propiciará a normalización da situación urbanística dos edificios, mediante o diálogo co Concello.

Prodúcese unha discusión entre o profesor Martínez, o Reitor e o secretario.

O representante do PAS, Felipe Fernández, solicita tamén a contestación das súas preguntas. O reitor comprométese a contestalas á maior brevidade.

Sen máis asuntos que tratar, o Presidente ergue a sesión, sendo as 14.32 horas. De todo o anterior dou fe, como secretario, co visto e praxe do presidente.

Visto e praxe

O secretario xeral  
Carlos Amoedo Souto

O presidente  
Xosé Luís Armesto Barbeito